

ENCONTRO DÚATLON DE MENORES CONCELLO DE CEDEIRA

REGULAMENTO

Organiza:

Club Natación Cedeira Muebles García
Email: cncatacioncedeira@gmail.com
Persoa de contacto: Xan Xosé Suárez Vilela
Teléfono: 652 214 833
Federación Galega de Triatlón e P.M.
Concello de Cedeira

Patrocina:

Federación Galega de Triatlón e P.M.

Colaboran:

Concello de Cedeira
Muebles y Carpintería García
Cedeira Sport
A Frutería de Alberto
Aneiros
Decobaño Decoración
A Taberna de Jojó
Policía Local
Protección Civil
Secretaría Xeral para o Deporte
Deputación de A Coruña

Datos da proba:

Encontro de menores non competitivo dirixido a deportistas con licenza vixente FEGATRI a partir de 6 anos cumpridos.

A proba rexeráse polas normativas e regulamentos vixentes da Federación Galega de Triatlón e P.M. e da Federación Española de Triatlón e contemplará o protocolo preventivo FISICOVID-DXT vixente da FEGATRI, e pola normativa de Encontros de Menores FEGATRI 2021:

<https://fegatri.org/wp-content/uploads/2021/05/encontros-menores-def.pdf>

Saída, transición e meta:

Polígono A Xunqueira

Acceso controlado (COVID19) será obrigatorio identificarse con licenza ou DNI, NIE, Pasaporte.

Recollida de dorsais:

Na carpa de organización nas inmediacións da transición dende 45' antes do comezo da proba ata 10' antes de cada saída.

Agasallos

Todos os que rematen a proba recibirán un agasallo conmemorativo.

Datas e horarios das carreiras:

Domingo 11 de xullo de 2021

Dúatlon en formato de carreira a pé e ciclismo. A entrada en meta farase xusto despois da liña de desmontaxe, coa bicicleta na man.

	CARREIRA	BICICLETA	HORA
PREBENXAMÍN (2014-2015*)	300m (1v)	1500 m (1v)	11:00
BENXAMÍN (2012-2013)	500m (1v)	1500 m (1v)	11:20
ALEVÍN (2010-2011)	1000m (2v)	3000 m (2v)	11:50
INFANTIL (2008-2009)	1500m (2v)	3000 m (2v)	12:30

OS HORARIOS PODERÁN SUFRIR VARIACIÓNS EN FUNCIÓN DA INSCRICIÓN NA PROBA

*** 6 anos cumpridos e licenza de triatlón en vigor**

Clubs participantes (Normativa Encontros):

Grupo 3: A.D. Náutico de Narón, C.N. Cedeira Muebles García, Triatlón Ferrol, Trisada, C.N. Riveira

Inscricións:

Inscrición gratuíta.

Ata o martes 6 de Xullo de 2021

A inscrición realizarase on-line, a través da web da Federación Galega de Triatlón www.fegatri.org, no apartado Regulamentos/inscricións

As inscricións e xestión das baixas rexeranse polas normativas vixentes da Federación Galega de Triatlón e Péntatlon Moderno.

CLUBS.-Accederán a través do apartado competicións, picando na pestana Regulamentos/Inscricións e accedendo á carreira de referencia. Unha vez que se accede á carreira picarase na ligazón INSCRICIÓN, e introducirase o código do club (o código a utilizar é o mesmo que o do programa de licenzas).

NORMATIVA XERAL

Segundo se recolle no protocolo COVID-19 de aplicación á proba, citado neste regulamento, é obrigatorio

- Manter a distancia interpersonal de 1.5 m en todo momento, antes, durante e despois da competición

-Uso de máscara en todo momento, coa única excepción do momento da práctica deportiva.

-Evitar lugares concorridos, aglomeracións de persoas

-Non acudir á proba en caso de presentar síntomas compatibles coa COVID-19, febre ou contacto estreito recente con positivos.

En caso de detección, ou auto detección, de sospeita de COVID -19 no entorno da proba, seguiranse as directrices establecidas no punto 4.3 do protocolo FEGATRI.

Procedemento de saídas:

Saída: escalada, con 3 deportistas saíndo cada 20" (vinte segundos) , dende o seu caixón de saída, e cunha separación lateral de 2 metros entre deportistas.

Dez minutos antes do comezo da saída, os/as deportistas iranse ordenando por dorsal na cámara de chamadas, mantendo sempre a distancia de seguridade, e irán avanzando cara os caixóns de pre-saída segundo o vaian indicando os oficiais e persoal de organización. Ao entrar no caixón de pre-saída, cando o/a oficial o indique,

os/as deportistas poderán quitar a máscara e desbotala no contedor habilitado nese punto a tal efecto. Se un/unha deportista presente non toma a saída no momento que lle corresponde, quedará a xuízo do/a XA permitirlle ou non tomar despois a saída, como moi pronto na última saída, e asignándolle en calquera caso o tempo de saída que inicialmente lle correspondía.

Chegada a Meta: unha vez que os/as deportistas pasen a liña de meta, dirixiranse, sen pararse, á zona próxima de post-meta, onde primeiramente se lles fará entrega dunha máscara que deberán colocar inmediatamente, e pasarán a avituallarse e saír da zona de post-meta coa súa bicicleta.

Todo o procedemento farase nun único sentido de circulación, e mantendo sempre a distancia de seguridade co resto de deportistas e persoal da proba.

Recollida de dorsais: Por medio do delegado ou adestrador de cada club. Será na carpa de acceso a zona restrinxida, onde deberán de presentar a declaración responsable para poder acceder, xa con dorsal e acreditación.

Abandono da sede: unha vez finalizada a participación deberase abandonar a sede xa que a proba é sen público, evitando aglomeracións ou reunións grupais tanto antes como despois do evento.

O TRIATLÓN É UN DEPORTE DIFERENTE
TOD@S SON DEPORTISTAS: DO PRIMEIRO AO ÚLTIMO
OS APLAUSOS SON PARA TOD@S
O PÚBLICO ESTÁ PARA DISFRUTAR E ANIMAR A TOD@S
QUEREMOS QUE ESTE DEPORTE SIGA ASÍ E SEXA UN EXEMPLO

BENVID@S AO TRIATLÓN!!

Club Natación Cedeira Muebles García



Muebles y Carpintería



aneiros



CONCELLO DE CEDEIRA



Deputación DA CORUÑA



MAPAS DE PERCORRIDOS

CONSIDERACIÓNS

O acceso e saída farase pola zona ENTRADA e SAIDA DA ZONA DA PROBA.

Solicítase respectar os horarios ao máximo para evitar aglomeracións de xente durante as probas. Cada neno/a debe acudir á súa hora de control.

Ao terminar a proba poderán recoller o agasallo conmemorativo de xeito individual na zona de meta.

Unha vez recollido o agasallo xa se poderá saír do circuíto pola SAIDA.

A zona de TRANSICIÓN será de acceso exclusivo dos participantes e da organización.

Os acompañantes deberán respectar a distancia interpersonal e permanecer nas beirarrúas en todo momento, sen ocupar a zona dos circuítos. Unha vez rematada a proba poderán saír pola zona de SAIDA, que está xusto despois da META.

